

NUM-CONSULTA: V0001-10

ÓRGANO: DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

DATA DE SAÍDA: 26/05/2010

NORMATIVA:

- Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns.

DESCRIBIÓN-FEITOS:

O consultante formula ante esta Dirección Xeral de Tributos cuestións respecto á dedución por parentesco e ás acumulacións entre as doazóns, os pactos sucesorios e as sucesións.

CUESTIÓNS FORMULADAS

O consultante pretende transmitir inicialmente a nuda propiedade de dúas vivendas por pacto sucesorio e posteriormente unha terceira, ben por doazón, ben por pacto sucesorio.

CONTESTACIÓN:

En relación coa súa consulta, este Centro Directivo informa o seguinte:

A consulta formulada refírese á interpretación de dous preceptos distintos:

- o artigo 24 da Lei 9/2008, de 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, sobre o que este Centro Directivo é competente para a contestación de consultas en virtude do establecido no artigo 55.2 a) da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, que atribúe ás Comunidades Autónomas a competencia para a contestación ás consultas que se refiran á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias.

- O artigo 30 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Doazóns, sobre o que a competencia para contestar consultas corresponde, en virtude da mesma normativa anteriormente comentada, á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Economía e Facenda.

Tendo en conta o anterior, o artigo 24 da Lei 9/2008, de 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, sinala:

"Artigo 24º. -Dedución por parentesco.

1. Nas adquisicións mortis causa por suxeitos pasivos incluídos no grupo II do artigo 1, aplicarase unha dedución do 100% da cota tributaria sempre que a súa base imponible fose igual ou inferior a 125.000 euros.

2. Para o cómputo do límite de 125.000 euros sinalado no apartado anterior, teranse en conta as bases impositivas dos pactos sucesorios realizados. Tamén se computarán as bases impositivas das doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables que sexan acumulables de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, así como o valor dos usufrutos e outras institucións a que se refire o artigo 26 da mesma norma que se teñan en conta para a determinación do tipo medio de gravame aplicable. "

O artigo 24 da Lei 9/2008 establece un límite de 125.000 euros para a aplicación da dedución por parentesco, de forma que se a base imponible é superior a esa cantidade, a dedución non se aplica.

Para determinar o importe da base imponible para os efectos do cómputo deste límite, tomaranse os seguintes compoñentes:

- A base imponible da adquisición mortis causa á que se pretende aplicar a dedución
- A base imponible de calquera pacto sucesorio entre causante e adquirente. Neste suposto a norma non se remite ao artigo 30 da lei 29/1987 polo que se terán en conta en todo caso.
- A base imponible das doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables que sexan acumulables de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 29/1987, é dicir, tomarán as bases impositivas destes negocios gratuítos para o cómputo do límite,

sempre que cumpran as condicións do artigo 30 da lei 29/1987 para que sexan acumulables á adquisición mortis causa á que se pretende aplicar a dedución

- o valor dos usufrutos e outras institucións a que se refire o artigo 26 da mesma norma que se teñan en conta para a determinación do tipo medio de gravame aplicable

Sobre as demais cuestións formuladas, este Centro Directivo non é competente para a contestación das mesmas de acordo co exposto anteriormente. Non obstante, para a súa información, a consulta non vinculante da Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Economía e Facenda, do 8 de febreiro de 1986, sinala:

"... para evitar unha quebra dos principios de progresividade e auténtica capacidade económica, o valor dos bens obxecto da apartación debería acumularse ao resto dos bens que integran a porción hereditaria do causahabente. Agora ben, o valor que se sumaría, dos bens integrantes da apartación, debería ser o comprobado no seu día para aqueles, aínda que tivese variado no momento da acumulación".